



Teatro

Saltando camas na busca do sono

Paula Carballera cuestiona en *Boas Noites* os papeis de xénero dende a inocencia da infancia

Boas noites · Paula Carballera · Xerais, 2007 · 78 páx · 13,50 euros



Nas divisións estándar da literatura semellan facerse normalmente compartimentos estancos que só algúns libros son capaces de superar nun afán de liberación que contaxia coa súa enerxía e calidade literaria. Estes libros cuestionan precisamente a creación dun canon baseado en prexuízos e no poder. Ante un deses libros atopámonos co *Boas noites* de Paula Carballera, que salta da cama dos compartimentos para percorrer a noite na busca de algo diferente, dun día no que as mentalidades lectoras se abran e sexan capaces de comprender a riqueza que agochan textos ás veces empurrados cara ás marxes. A primeira marxe que salta o texto de Carballera é a da idade, saltando desa cama feita de entender a literatura infantil coma un xénero menor. Exemplos abondo temos na nosa literatura para demostrar o contrario, mírese polo criterio que se mire. *Boas noites*

ofrece unha lectura da que as persoas maiores temos moito que aprender, empezando polo tema de fondo, a ansiedade infantil, tratado dende o humor, a comprensión, o xogo e o lúdico. Na obra podemos entender a sobrecarga que unha meniña como Xiana padece no seu día a día con tantas actividades que as persoas adultas lles impoñemos ás nenas e nenos, esquecendo o fundamental: o xogo. Por iso non quere durmir, e así Pedro Chosco tampouco pode facer o seu traballo. Pero Carballera tamén nos leva a pensar alén disto na falta do tempo, na sociedade de carreiras na que vivimos, onde cada segundo parece contar para un fin, onde non se debe dar puntada sen fío e onde, en consecuencia, os momentos para a reflexión, para a soidade, para o afecto, para, en fin, non facer nada! quedan reducidos ao mínimo e acadan mala sona socialmente. *Boas noites* é un canto ao lúdico e ao tempo para cada quen, independentemente da idade que se teña.

Mais aínda quedan moitas camas máis que saltar, unha de vital relevancia, a do xénero. Primeiramente a do xénero literario. Cómpre felicitar a fermosa edición deste libro, que ademais de ser

unha obra de teatro é tamén un fermoso álbum ilustrado de forma excepcional por Noemí López, un libro que ler aos pés da cama cada noite, ou pola tarde ou pola mañá, un libro co que xogar.

De xénero, do outro, tamén cómpre falar neste caso. O cuestionamento dos papeis de xénero en toda a obra resulta sen dúbida un dos seus puntos máis atractivos porque se fai dende a inocencia da infancia, empezando polo protagonismo precisamente dunha nena rebelde e aventureira, pasando polos papeis da nai e do pai e seguindo pola muller do saco, en pelexa de puños con Pedro Chosco nunha desas hilarantes escenas que enchen esta obra. Xiana cuestiona a linguaxe, é xa unha nena que non se sente a gusto nos masculinos e que fala coa frescura de quen aínda mantén a mente aberta e libre de cargas e prexuízos, ofrecendo a nenas e nenos maneiras alternativas de ser socialmente.

Boas noites é unha obra de primeira orde, cunha linguaxe fresca, rápida, áxil, divertida. Unha persecución do sono e dos soños, porque para soñar cómpre primeiro durmir.

// María Reimóndez